

FAKE NEWS

CHOIVA ANORMAL

En 2019, un equipo galego de investigación analizou molecularmente a choiva galega e, descubriu que esa choiva era capaz de reducir lixeiramente todo o que tocaba; o cal explica que co tempo todos os vellos encollan.

Este é un problema actualmente de importancia mínima, xa que esta choiva só se produce en Galicia, pero co paso do tempo, podería estenderse. Daquela si que podería ser un problema máis grave ca o do coronavirus, xa que podería reducir enormemente moitas Comunidades Autónomas de España e, despois, aínda a máis países de Europa e pode que ata a máis continentes, polo que este equipo de investigación e miles máis están traballando para descubrir unha fórmula que disolva este tipo de choiva e que non se estenda.



Raúl Veleiro- 6º B

O CHOCOLATE CANSO DE QUE O COMAN, EMIGRA

O pasado día 3 de marzo, ante a sorpresa de todos os españois, o chocolate desapareceu dos andeis dos supermercados.

Segundo contan, o motivo é que tal alimento está canso de que o coman en exceso. Así que este decide emigrar a outros países onde non abusan tanto del. A información que temos é que o fixo polo ben da nosa saúde, xa que estaba habendo moitas persoas que tiñan sobrepeso, colesterol alto, diabetes, etc; debido a este alimento.

Estamos esperando o seu retorno. Iso sí, cada vez que o comamos farémolo con moderación, para que non ocorra o mesmo de novo.



LORENA TORRES SOUTO 6ºB

CHOIVA QUE EMPEQUENECE ÁS PERSOAS

Dende o Centro Nacional de Microbioloxía ISCIII, acábannos de informar de que no pobo de Wuhan, nos últimos días, centos de persoas acudiron aos hospitais, porque sorprendentemente se reduce a súa estatura un 70%. Todos eles teñen en común que eran traballadores ao aire libre, e que non dispoñían de ningunha protección fronte a choiva.

Dende esta redacción, consultamos co meteorólogo español Martín Barreiro, que nos anuncia auga na meirande parte de España.

Por iso pedimos á poboación que teña a obriga de saír á rúa que se protexa con paraugas e chuvasqueiros.

Aínda que non dispoñemos de información real do que lles puido acontecer aos cidadáns de Wuhan, e supoñendo que isto teña algo que ver coa pandemia causada polo coronavirus en todo o mundo e que igual agora se poida transmitir pola choiva, pedímoslle aos cidadáns que se protexan o máis posible se teñen a necesidade de saír á rúa.

Rocío Varela-6º B

FAKE NEWS

O CHOCOLATE, CANSO DE QUE O COMAN, EMIGRA

Hoxe nos supermercados non hai chocolate. Tampouco o atopamos en ningunha tenda de alimentación.

Decidimos consultar cos propietarios das diferentes fábricas europeas e en todas nos confirman que xa non posúen nin cacao nin produto elaborado.

Pero entón, a onde foi o chocolate? A resposta parece inverosímil: O chocolate decidiu emigrar a África para acabar coa fame dos nenos farto de engordar europeos.

Carmela Naveiro- 6º B

Novo deporte nos Xogos Olímpicos: waterpolo de tartarugas.

O día 14 de marzo en Murcia, unhas tartarugas coláronse no campo de waterpolo. As persoas saíron correndo a velas. As tartarugas colleron o balón que deixou a xente e puxéronse a xogar. A xente tamén púxose a xogar .

A día de hoxe faise un sinal para chamar As tartarugas e que veñan aos Xogos Olímpicos.

No ano 2023 fíxose un torneo de tartarugas de diferentes países e gañou Singapur. É increíble as xogadas das tartarugas!!

Hugo Vila -6º B

NESTLE DESAPARECE DO MERCADO.

Uns científicos do Reino Unido descubriron que o chocolate Nestle contiña unha substancia perigosa para a saúde, entón decidiron retiralo do mercado por precaución. Este chocolate contiña unha substancia que alteraba o colesterol e a xente era o que máis comía, entón deixaron de fabricar este chocolate.



Viuse un comunicado dun traballador da fábrica dicindo que estaban cansos de facer tanto chocolate, por iso crearon esta falsa noticia.

Sara Souto- 6ºB

Choiva que empequenece ás persoas

O 17 de marzo de 2020, produciuse un fenómeno estraño en Arzúa, A Coruña. Este recibe o nome de "small watery" ou pequenos augados. Consiste no redución das persoas ao chover, debido á contaminación e á radiación. Varios científicos afirman que levará un tempo poder averiguar como paralo, pero eles xa teñen algunhas recomendacións:

- Sempre que chova procurar non saír da casa, ou ir en coche.

-Non abrir as ventás cando chova.

-Ser conscientes do que facemos para poder frenar isto.

Lara Pereiro - 6ºB

CURA DO COVID-19

Un grupo de estudantes atopan a cura

Os estudantes da Facultade de Medicina atoparon a cura contra o Covid-19 (coronavirus).

Grazas ás súas grandes investigacións, a cura contra a enfermidade foi atopada e algúns doentes salváronse. Agora só falta esperar a que o número de casos diminúa.



Adrián Seoane -6ºB